

RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DO EXP. PTG 2/2010 “SERVIZO DE SEGURIDADE DO PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA”

Características do procedemento:

Procedemento de adxudicación: aberto

Data de publicación do anuncio: 16/01/2010

Último día de presentación de ofertas: 26/01/2010

Data de apertura pública das proposicións económicas: 01/02/2010

A Comisión de Selección estivo formada polas seguintes persoas:

- Presidente: M^a Luísa Pena Nieto (directora)
- Secretaria: Noemi Lorenzo Carbajales (responsable do dpto. de administración)
- Vogais: Antonio Gómez Méndez (responsable do dpto. de servizos xerais) e Beatriz Monfort Liniers (responsable do dpto. de proxectos)

Os licitadores presentados e as súas ofertas económicas foron as seguintes:

- Viproga S.A.: 46.320,00 €
- Eulen Seguridad S.A.: 45.145,01 €
- Vigilancia Integrada S.A.: 46.213,70 €
- Prosegur Compañía de Seguridad S.A.: 45.600,00 €
- Securitas Seguridad España S.A.: 40.880,00 €

Criterios de valoración:

- Valoración técnica (de 0 a 5 puntos):
 - o Oferta técnica (medios técnicos, humanos e de control da calidade do servizo) e a implantación do oferente na zona xeográfica onde se van desenvolver os servizos: ata 3 puntos
 - o Melloras do servizo propostas pola empresa oferente: ata 2 puntos
- Valoración económica (de 0 a 5 puntos): Valoraranse con cero (0) puntos aquelas ofertas que propoñan como prezo de adxudicación o tipo de licitación establecido neste prego e con cinco (5) puntos a oferta que propoña o mellor prezo. Partindo deste criterio de valoración, a puntuación outorgable ás restantes ofertas cuxo prezo se encontrase comprendido dentro deste tramo realizarase mediante un cálculo proporcional. Quedarán excluídas aquelas ofertas que superen o orzamento máximo de licitación.

Puntuación obtida para cada oferta:

| empresas ofertantes | oferta técnica | melloras | prezo | valoración total |
|-------------------------------------|----------------|----------|-------|------------------|
| Eulen Seguridad S.A. | 2,78 | 1,87 | 4,53 | 9,18 |
| Securitas Seguridad España S.A. | 1,90 | 0,83 | 5,00 | 7,73 |
| Prosegur Compañía de Seguridad S.A. | 2,03 | 0,57 | 4,48 | 7,08 |
| Vigilancia Integrada S.A. | 2,18 | 0,37 | 4,42 | 6,97 |
| Viproga S.A. | 1,53 | 0,67 | 4,41 | 6,61 |

Motivación da valoración: a proposta de Eulen Seguridad S.A. obtén a maior puntuación por ter presentado un plan de traballo máis axeitado ás necesidades da sociedade así como un amplo plan de melloras que supera ao presentado polas outras empresas ofertantes.

En base ás puntuacións obtidas o Órgano de Contratación ditou resolución de adjudicación a favor da empresa EULEN SEGURIDAD S.A.

En San Cibrao das Viñas, 10 de febreiro de 2010.